



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN, MONTAXE E REFORMA DE EQUIPAMENTOS DO “PROXECTO DE MELLORA DE EQUIPAMENTOS E INFRAESTRUTURAS DO MUSEO DO MAR DE LAXE”

Introdución

Co presente contrato propónse dotar ao Concello de Laxe, en concreto o museo do Mar, de bens mobles e diverso material, así como facer pequenas reformas necesarias para desenvolver a programación cultural e ter aberto ao público as exposicións en ditas instalacións.

Antecedentes:

O Museo do Mar na Rede Galega de Museos: o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día oito de xuño de dous mil dezasete adoptou, entre outros, o acordo de "Recoñecer, autorizar, e cualificar como colección visitable cun contido temático marítimo - pesqueiro e ámbito local, para os efectos previstos nos artigos 712 e 113 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, ao Museo do Mar de Laxe'

O museo alberga distintos bens culturais que foron doados ao museo e cuxa titularidade e salvagarda corresponde ao Concello de Laxe. Como peza singular cabe destacar o Arquivo Fotográfico Vidal. En data 10 de outubro de 2017 iniciouse ante a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a solicitude de declaración como "Ben de Interese Cultural de Galicia (BIC)" para o Arquivo Fotográfico Vidal.

No DOG núm. 178 do martes 18 de setembro de 2018 publicouse a “RESOLUCIÓN do 4 de setembro de 2018, da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, pola que se incoa o procedemento para declarar ben de interese cultural o Arquivo Fotográfico Vidal.”

A día de hoxe quedaría pendente só a declaración definitiva mediante decreto do Consello da Xunta de Galicia.

Dende o Concello estanse a desenvolver unha serie de accións encamiñadas á salvagarda e difusión do seu patrimonio cultural, salientando entre outras actuacións a recuperación e posta en valor da antiga Mina de Caolín, a restauración do Muiño de Vento de Santa Rosa (Laxe), a vontade do traslado a esta localidade do Laboratorio Xeolóxico de Laxe (e posta en valor do legado científico da figura de D, Isidro Parga Pondal), e as futuras novas posibilidades vinculadas ao Castro de Castrelo recentemente descuberto, entre outros.

Para tal fin, redactouse un plan de mellora de equipamentos e infraestruturas do Museo que contén as razóns que xustifican a necesidade das subministracións, para as cales se asinou un convenio de financiamento coa Deputación de A Coruña, segundo criterios de necesidade e mellora dos medios cos que conta o Concello de Laxe.

A petición do Concello de Laxe elaborouse un prego de prescricións técnicas coas características xerais dos bens, materiais e reformas obxecto do contrato mixto de subministración

Descrición da situación actual

Para un axeitado funcionamento do Museo do Mar precisase acometer distintas actuacións para mellorar as condicións de exposición dos bens culturais existentes.

O Museo do Mar de Laxe actualmente precisa de pequenas reformas no mobiliario existente, como son as vitrinas, así como dotarse de máis elementos para expoñer todo o material co que contamos e instalar estores en fiestras que non posúen medidas que eviten a exposición dos elementos ao sol.

Así mesmo é necesario dotarse de bens mobles co que a día de hoxe non conta nas instalacións, como son cadeiras despregables, mesas, mesa de conferencias, así como todos os aparatos de son imprescindibles



para organizar conferencias e charlas no museo. Tamén é necesario dotar ao museo de equipamento básico de oficina que debe ser renovado como son os ordenadores, impresoras, escáneres, pantallas informativas e teléfonos.

En canto ao ámbito da seguridade, precisamos dotar ao edificio de equipos de cámaras de seguridade e de gravación de imaxe, para salvagardar as pezas de exposición que existen actualmente.

Por último, é necesario acometer pequenas obras de impermeabilización e reforma no oco do ascensor así como instalar unha tarima na planta baixa onde se van impartir conferencias, cursos, charlas..., xunto coa colocación en todo o museo de fío musical e da renovación de lámpadas led, que axuden a reducir o consumo enerxético. Sen esquecermos dos deshumificadores, moi necesarios no museo, que está exposto todo o ano ao clima propio da costa, humidade e salitre, polo que son moi necesarios para evitar a corrosión e deterioro das pezas museísticas, do mobiliario e das instalacións en xeral do edificio.

Obxecto do contrato

O obxecto do contrato é a subministración, montaxe, colocación, instalación e reforma de equipamentos e mobiliario novos e existentes no Museo do Mar de Laxe.

Necesidade derivada deste contrato

A lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, establece no artigo 25.2. h) e m) que “o Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: “Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local” e “Promoción da cultura e equipamentos culturais” polo que en vistas das circunstancias actuais é necesario adquirir e reformar os bens mobles así como os materiais definidos no prego de prescricións técnicas, para cumprir coas obrigas derivadas do mandato competencial e que coinciden cos fins e obxectivos aos que deben destinarse os fondos do convenio de colaboración ca Deputación de A Coruña, circunstancias que quedan xustificadas no presente expediente, e dado que foi un proxecto aprobado e no cal se explican os motivos da necesidade para solicitar o convenio de colaboración, é necesario licitar a contratación da subministración de material e a súa instalación.

Análise Económica

Do punto de vista económico, o financiamento deste contrato de subministración procede da Deputación de A Coruña e de fondos propios do Concello de Laxe ,:

RÉXIME DE FINANCIAMENTO

Fondos propios	Deputación de A Coruña
5.000,00 €	20.000,00 €

Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira

A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e sustentabilidade Financeira, no seu artigo 4.2, define como “sustentabilidade financeira a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial conforme ao establecido nesta Lei, a normativa sobre morosidade e na normativa europea”.

Neste sentido, o contrato de subministración proxectado conta con consignación nos orzamentos municipais de 2018, á vista da xeración de créditos feita pola achega da Deputación provincial.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Concello de Laxe

Xa que logo, ao tratarse dunha dotación de bens puntual que é preciso levar a cabo, non se estiman aumentos do custe nin pagamentos periódicos para vindeiros anos, dado que o mantemento dos mesmos realizarase polo persoal do Concello de Laxe.

Análise do Procedemento

O contrato obxecto deste procedemento terá carácter administrativo, tipificándose como un contrato mixto, cuxa prestación principal é a de subministración, a teor do artigo 16 e 18 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP), rexéndose en canto á súa preparación, adxudicación, efectos e extinción polo establecido neste Prego e na devandita LCSP.

O procedemento previsto é o aberto simplificado abreviado (artigo 159.6 da LCSP), admitindo a presentación de proposicións a todas as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar e non estean incursas en prohibicións de contratar das sinaladas no artigo 71 LCSP.

O contrato dividirase en 4 lotes, dacordo co establecido no prego de prescricións técnicas:

Lote 1: Adquisición de equipamento informático, visual e equipamento técnico para exposicións

Lote II: Adquisición de equipamento de seguridade

Lote III: Adquisición de mobiliario

Lote IV: Melloras nas infraestructuras e nos equipamentos do inmovible do museo

No que atinxe á solvencia económica e financeira e técnica non se require aos licitadores da mesma neste procedemento abreviado do art. 159.6.

En todo o non previsto no apartado 6 do artigo 159, aplicarase a regulación xeral do procedemento aberto simplificado prevista.

O prazo de entrega e de instalación dos bens , así como das reformas cando procedan, é de 2 meses.

O que asino, en Laxe,

O alcalde

José Manuel Mouzo Castiñeira

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE